

A Illa a eito

Isidro Cortizo del Río

Profesor xubilado IES Valle Inclán.



Acuarela editada

Anacos desordenados, rebos dun muro desfeito polo tempo e amoreados
por unha memoria embarrada de emocións.

Campanario


Arquitectura muda, un monumento ao silencio. Era unha mañá soleada, unha promesa de alegrías e ese campanario espido, que ata no vrán pasa frío, era testemuña das nosas tolerías, sempre calado.



Pólas

Estou en Chan da Pólvora, pasa do mediodía e a xente está na praia ou xantando por aí, fai calor e o campamento está baleiro, en calma.

O vento vén do faro falando, dicindo que o mundo sigue, que hoxe é Agosto, que é morno e amante* pero pronto virá o outono e limpará as praias de xente, o po dos camiños, e as follas das árbores que debuxo.



- "amante", así se refería Arturo ao repolo tenro.

Onde morreron os homes

Hai unha pequena cova , baixo os cons, era no calor do verán, naquel verán sen fin de 1989 .Inmune ao paso do tempo, coa grandeza que dá a xuventude,...ao rematar o debuxo metínme nela , e aquel frío inesperado botoume fóra, eu diría que con desprezo.

Non deberíamos alterar segundo que cousas.



O temporal

O tempo, aquela Semana Santa de 2005, foi ruín con ganas, os únicos “turistas” eramos Henar, Santi máis eu. Choveu todo o día a cachón, matabamos o tempo na terraza, Pepe “armaba” unhas pólas de salgueiro para pescar lorchos escamentos nas pozas que deixaba a marea



Augaforte editado.

Cemiterio



A pedra que “*alumbra*”(*)

Podería ser a Illa mesma, un grande penedo con lús de faro enriba, non é iso; a mesma lúa chea que deita a súa lús nos camiños da Illa , déitaa nas follas inquedas dos lamigueiros do lavadoiro, nos arumes da Espaduada, nas ondas incansables que veñen do Océano; pero tampouco, é unha pedra de xeixo que está no camiño, subindo ao Cano que garda á lúa dentro e ilumina a imaxinación .

Tés que ir de noite a andar,e téis que prestar atención, coa lús da pedra que “*alumbra*” verás o que é invisible polo día. De paso achégate ó cemiterio a saudar.

(*) Segundo Rafael Patiño Méndez.